

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2008/01  
**CARACTER:** ORDINARIO  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 14 DE XANEIRO DE 2008

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **14 de xaneiro de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar  
D.Jesús López Penabad (incorpórase unha vez iniciada a sesión)

**PSG-PSOE**

D. Balbino E.Pérez Vacas  
D. Carlos Pérez Méndez  
Dona María José Rodríguez Arca

**U.P.R.I.**

D.Francisco Rivas Álvarez  
D.Agustín Reymondez Gancedo

**Secretario Xeral:**

D.Manuel J. Díaz Sánchez

**Interventora:**

Dona Maria José Vázquez Rigueira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

**2008/01/01.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES NUMEROS 2007/16 DE 12 DE NOVIEMBRE DE 2007 E 2007/17 DE 28 DE DICIEMBRE.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas de referencia, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Unha vez que por parte do Sr. Alcalde se pregunta se hai algunha cuestión que formular intervén o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que en relación á acta de 12 de novembro de 2007, na páx. 34 di no penúltimo parágrafo que se acompañan copias sacadas da páx. web da Consellería de Medio Ambiente, e non se achegaron á acta, e son 28 páxinas que deu a todos os Grupos as copias correspondentes e pide que eses documentos figuren na acta.

Por parte de Secretaría se informa que considera a cuestión notoriamente irregular e que o Sr. Concelleiro pode entregar os documentos que queira aos Grupos pero en principio, non é un documento que o Concelleiro houbera incorporado na forma que a lei establece, e polo tanto entende que non debe figurar na acta da sesión e que pode entregar o que lle pareza pero non é un documento propio do xeito legalmente establecido .

Por parte do Sr. Rivas Álvarez manifestase que presentou unha emenda que di textualmente, na páx. 34 que se acompañan copias sacadas da web da Consellería de Medio Ambiente e entende que deben figurar, se figuraba na emenda, na acta do Pleno, e que o entende así.

O Sr. Alcalde intervén sinalando que o criterio técnico se puxo de manifesto e pide que se posicionen os Grupos da Corporación. Por Secretaría se manifesta que non dispuxo deses documentos e non se lle entregaron.

Prosegue intervindo o Sr. Rivas Álvarez que manifesta que entregou copias ao Alcalde, ao Partido Popular e ao PSOE e que na emenda ían unhas copias e deben constar e queren que conste na acta.

O Sr. Alcalde reitera a petición do criterio dos portavoces dos Grupos, sinalando que no debate do outro día se puxeron copias enriba da mesa, pero o Secretario non as recolleu, e non sabe ata que punto agora é irregular que se incorpore algo que non se incorporou. O Sr. Rivas Álvarez reitera que acompañou as copias e que están aí coa emenda que leu o Sr. Reyμόndez Gancedo e que son 28 páxinas.

O Sr. Alcalde tras sinalar que non é unha cuestión dramática, que ven dous meses despois de celebrar a sesión, e que non dubida da palabra do Sr. Rivas e de que non sexa exactamente igual a documentación que a que presentou naquel día pero que o Secretario remata de dicir que non pode validar iso, como que forma parte dun Pleno anterior agora mesmo, aínda que acorden incorporalo.

Di o Sr. Rivas Álvarez que sacou as copias de referencia da páxina web os días 22 e 24 de outubro de 2007, dicindo o Sr. Alcalde que deso fai dous meses.

Por Secretaría se sinala que é de imposible transcripción á acta esas páxinas e que o considera manifestamente irregular e non coñece esta práctica.

O Sr. Rivas Álvarez afirma que non entende porque non se poden incorporar á acta e que non se está dicindo nada que non se fixera, que estaban aí e todo o mundo as puido ver e di que ao mellor algún pode ter algún problema; o Sr. Rivas Álvarez exhibe uns documentos diante do Pleno que di que son os orixinais e que os entregou aos Grupos e di que se lle deu a emenda ao Alcalde e que quere que figuren na acta.

O Sr. Alcalde di ao Pleno municipal que como o equipo de goberno non ten maioría para aprobar a acta pide o criterio dos demais Grupos.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular di que supón que lles deu copia tamén pero non pode dar fe e non lle deu copia ao Secretario e considera que é un debate cando menos raro.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista di que pouco debate pode haber na aprobación dunhas actas e que se lle pregunta se se lle entregou ese documento a resposta é a mesma, pero se o procedemento de incorporación á acta é que se lle dea a determinada persoa, o descoñece pero non ve ningún problema, e pregunta á súa vez se é que o Sr. Rivas Álvarez quere que se incorporen á acta, ao que responde este positivamente, e o Sr. Pérez Vacas di que se están todos de acordo que se incorpore o documento, que non hai ningún problema, que en realidade se se lles entregou, se incorpora e se aproban as actas.

Durante a deliberación deste asunto incorpórase á sesión o Sr. López Penabad concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina que di que non é por romper unha lanza a favor de Secretaría pero ten razón no sentido de que si non ten esa documentación no momento de redactar a acta non a pode incorporar, e que cousa distinta é que agora se incorpore ou non en función de razóns políticas pero non pode estar no momento da redacción se non a ten. E o Sr. Pérez Vacas di que claro, se non se lle deu.

O Sr. Rivas Álvarez pola súa parte sinala que deulle a emenda ao Alcalde que é a quen debe dárselle, con toda a documentación e incluídas as copias que aparecen mencionadas na emenda pero non na acta e que quere que aparezan.

Por parte de Secretaría se fai constar que efectivamente se menciona eso, pero non viu os documentos, nin foron lidos no Pleno, e non pode dar fe do que non lle consta efectivamente como fedatario, que admite o que lle di o Sr. Rivas Álvarez pero non pode dar fe diso.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que non se poden enrocar nunha cuestión que era de trámite e que politicamente poden acordar meter o Quixote na acta pero logo terá a validez que teña.

O Sr. Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular di que considera que o criterio de Secretaría é o que ten que dar fe da corrección técnica no Pleno e dille ao Alcalde que pregunte a Secretaría se procede ou non, contestándose polo Alcalde que o Secretario dixo que non procedía, pero que como o equipo de goberno non ten a maioría é importante o que pensan os portavoces.

O Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI insiste en que se incorporen eses documentos.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular di que o seu Grupo está ao que determine o equipo de goberno á vista do informe do Secretario.

O Sr. Alcalde di que o equipo de goberno considera que non procede neste momento.

O Sr. Pérez Vacas di que vai votar ou non a aprobación das actas e que non hai outra alternativa, e toda vez que se lle reitera cal é o sentido do seu voto di que vai votar si ou non á aprobación das actas e que están a favor de aprobar as actas.

O Sr. Rivas fai constar que van votar en contra da aprobación desa acta pero explicando o porqué, porque non se incorporaron ás actas as copias da páxina Web da Consellería de Medio Ambiente que se aportaron no seu día coa emenda na sesión de 12 de novembro de 2007.

De seguido polo Pleno municipal por once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSG-PSOE) e dous votos en contra (dos membros do Grupo de UPRI) acórdase a aprobación da acta da sesión de 12 de novembro de 2007 nos propios termos da mesma.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez se manifesta que ten que facer algunhas observacións á acta de 28 de decembro de 2007 e a primeira é que na páxina 25 da acta referida se di que *“o Sr. Rivas Álvarez manifesta que entregou no Pleno unhas copias obtidas da pág. Web da Xunta de*

*Galicia e di que o entregou aos distintos Grupos, e que se envíen tamén.*”, polo que o Sr. Rivas Álvarez prega que se envíen tamén.

O Sr. Rivas Álvarez di igualmente que na páx. 30 tamén se di nun parágrafo que “, e será a Xunta consultiva quen o diga, porque que lle diga NOVOTEC no seu informe que URBASER está dado de alta (o Sr. Rivas Álvarez di neste momento que dixo que “como xestor de todos os residuos obxecto do contrato”, e que se omite este parágrafo.) e que se diga por parte de Secretaría que ten a concesión administrativa do vertedoiro de escombros de A Guarda, non lle cuadra porque ten que estar dado de alta como xestor e non aparece, e o di aquí e que non vai entrar en máis detalles.”; tendo dito que “ como xestor de todos os residuos obxecto do contrato” e omítese este parágrafo que debe engadirse, e que UPRI formula estas dúas observacións e que conste.

Por Secretaría manifestase que a Corporación no seu momento, co novo mandato non quería que se transcribían literalmente as intervencións, agás que un Concelleiro o pedise e dentro do razoable de tratar de recoller as intervencións de todos, tratase de sintetizalas, e non lle importa en absoluto a cuestión, pero hai matices que poden escaparse, agás que un Concelleiro pida que consten a súa intervención literal, e se pide por favor, que cando algún queira que algo conste, como se grava non hai inconvinte, o di, e se recolle literalmente.

O Sr. Rivas Álvarez pola súa parte manifesta que a partir de agora todo o que diga, que se recolla literalmente, e así non hai lugar a erros, que coa gravación hai medios máis que dabondo.

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que vai levar o debate con orde e respectando as regras de xogo, e que este punto primeiro que debeu ser de trámite está levando un cuarto de hora; que o Alcalde como tal, propuxo ese criterio e considera que se debe seguir mantendo, que non cree que deban ser un Concello diferente dos demais da Mariña e do país e as actas non deben ser biblias, senón recoller sucintamente o que se debate ao longo dun pleno, e con carácter excepcional se algún Concelleiro pide expresamente que figure algún pasaxe do que está dicindo, que conste tamén; que non cree oportuno que a un Concelleiro se lle recolla absolutamente todo e aos demais que quede a xuízo do técnico competente, e que polo tanto ese criterio non se vai seguir aquí, e vai seguir sendo o resumo sucinto e se hai algunha dúbida se chega a aprobación da acta e na seguinte sesión é cando se poden facer as valoracións e ese é o criterio que vai continuar.

O Sr. Alcalde manifesta que queda recollido o que sinalou o Sr. Rivas Álvarez manifestando este que nese sentido vota a favor.

Polo Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a aprobación á acta de 28 de decembro de 2007, coas observacións efectuadas polo Sr. Rivas Álvarez transcritas anteriormente.

**2008/02/02.- RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA desde A NUMERO 221/2007 DE DATA 20 DE OUTUBRO Á NÚMERO 263/2007 DE 30 DE NOVEMBRO DE 2007.**

Dada conta das Resolución epigrafiadas polo Sr. Alcalde se pregunta aos Concelleiros se teñen algunha manifestación que facer; intervén en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que quere facer unha serie de preguntas respecto a varios Decretos.

En primeiro lugar fai referencia a un pago a SERTECA Enxeñería correspondente a altas catastrais por importe de 7.795,20 euros, dando resposta o Sr. Castro Reigosa, como Concelleiro Delegado que se trata da empresa que leva o mantemento das altas catastrais para o Concello.

En segundo lugar por parte do Sr. Concelleiro do Grupo de UPRI Sr. Rivas Álvarez se pregunta respecto ao caché dos poñentes das xornadas de Patrimonio e se todos eran iguais por 304,90

euros, contestando a Sra. Concelleira Delegada de Cultura que o director do curso tiña un caché diferente e fai referencia tamén a existencia dun Convenio coa Universidade de A Coruña e manifestando o Sr. Alcalde que é así desde hai dez anos.

Formula así mesmo o Sr. Rivas Álvarez unha pregunta sobre un Decreto relativo á obras de mellora na rede en Igrexa, Lavandeira e Campoxurado e pregunta se están rematadas as obras, contestándose por parte do Sr. Alcalde que agora mesmo o descoñece.

O Sr. Rivas Álvarez igualmente pregunta porqué a certas empresas se lles paga practicamente ao contado e que se refire a facturas do 16 de outubro se lles paga o 31 de outubro, non sabe se ten que ser así, e pregunta, e non lle parece unha forma de proceder e fai referencia á empresa OLLOMOL INICIATIVAS CULTURAS.

Por parte do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda contéstase que houbo facturas dun Convenio con dúas Consellerías que debían pagarse para xustificarse antes do 31 de decembro e que afectou a Ollomol e a algunha máis.

Pregunta tamén o Sr. Rivas Álvarez do Grupo de UPRI sobre un pago de son, luces, aluguer de equipos, etc. de 2.668 euros, e de aluguer de escenario, correspondentes á actuación de María do Ceo no peirao de Porcillán e pregunta se foi o escenario ou algo máis, porque lle parecen excesivos os 5.220 euros. Por parte da Sra. Concelleira manifestase que inclúe todo, se ben o caché foi de 14.800 euros, que cre que era, e que foi financiado por Caixa Galicia.

Toda vez que por parte do Sr. Rivas Álvarez se fai referencia a que podería terse adquirido un equipo e escenario por parte do Sr. Castro Reigosa se manifesta que a compra está en estudio e pola Sra. Concelleira delegada de Cultura se fai referencia a que debe terse en conta que ten que ser un equipo que poida levar un técnico do Concello e ademais ten que cumprir as condicións técnicas das actuacións, xa que cada unha ten as súas medidas e condicións e difiren moito e cos niveis das actuacións que veñen a Ribadeo en moitos casos para nada servirían e que non se equivoquen, e fai referencia tamén a que en actuacións como a de María do Ceo unha hora antes revisan e se non está ben non actúan e disto tamén ten experiencia o seu predecesor no cargo.

O Sr. Rivas Álvarez di que como non o sabe, pregunta, e di que ao mellor hai que dicirlle á xente que non é un gasto excesivo, pero que ao mellor pode terse outro modelo de financiamento.

Fai igualmente o Sr. Rivas Álvarez unha pregunta respecto ao Decreto 2060 correspondente a un xantar do Alcalde con responsables da construción do aparcadoiro soterrado, e resulta que agora ven unha Moción para construír un aparcadoiro soterrado, e se xa se ten os responsables da construción, e que non sabe como é eso, e pide que se lle conteste.

Por parte do Sr. Pérez Vacas manifestase que vai contestar como ex-alcalde, e que xa se debaterá despois na Moción que presenta o PP e resulta que foi unha comida o 13 de febreiro de 2007 con representantes dunha das empresas interesadas na construción do aparcadoiro soterrado.

Por parte do Sr. Alcalde se agradece ao Sr. Pérez Vacas a intervención efectuada, porque lle estaban metendo nun apuro.

Non habendo máis preguntas sobre os Decretos epigrafiados a Corporación dáse por enterada cumpríndose co trámite de dar conta das resolucións mencionadas.

**2008/03/03.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACION NO PLENO DAS COMPETENCIAS DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de data 10 de xaneiro de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta pola Alcaldía-Presidencia de que por Resolución de 7 de xaneiro de 2008 se revogou parcialmente a delegación existente a favor da Xunta de Goberno Local en materia de outorgamento de licenzas urbanísticas, volvendo á Alcaldía a concesión das de primeira ocupación e manténdose na Xunta de Goberno Local a atribución de outorgamento das restantes licenzas urbanísticas e de actividades reguladas e inocuas agás que por razóns de urxencia e interese público se revogue a competencia delegada cando non sexa posible a realización da Xunta de Goberno Local e co fin de cumprir co disposto no artigo 196.2 da Lei 9/2002, dándose conta ao Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre e á Xunta de Goberno Local e facendo pública esta Resolución mediante anuncio no BOP.

Dáse conta igualmente de Resolución da Alcaldía da mesma data pola que se resolve delegar no Pleno municipal a atribución da Alcaldía de outorgamento de licenzas de primeira ocupación e a dación de conta desta delegación ao Pleno Municipal para a aceptación polo mesmo na primeira sesión que se celebre e facer pública esta resolución mediante anuncio no BOP.

Dáse conta igualmente da existencia de informe de Secretaría de data 7 de xaneiro de 2008 relativo ao asunto e ás posicións da doutrina existentes respecto a delegación das competencias da Alcaldía no Pleno e a posición da xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Sen promoverse deliberación, pola Comisión Informativa, por unanimidade en votación ordinaria acórdase propoñer ao Pleno Municipal a aceptación da delegación efectuada pola Alcaldía nos termos da mesma.”

Sen promoverse deliberación polo Pleno municipal, por unanimidade, se acepta a delegación efectuada pola Alcaldía nos termos da mesma.

#### **2008/04/04.-MOCION DE UPRI SOBRE CONSTRUCCION DUN NOVO EDIFICIO PARA A ESCOLA DE IDIOMAS.**

Por parte do Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI se procede á lectura da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“A Escola Oficial de idiomas de Ribadeo comezou a funcionar no 1997 como unha extensión da de Lugo. O 30 de outubro de 2002 o Consello da Xunta dotouna de identidade propia pasando a funcionar desde entón como un Centro independente.

Na actualidade impártense nela: Alemán, Francés, Inglés e Italiano distribuídos en 25 grupos, que para o vindeiro curso serán segundo as previsións 29 grupos (6 de francés, 6 de alemán, 6 de italiano e 11 de inglés) e contando a día de hoxe cun total de 323 alumnos e alumnas matriculados.

A Escola está situada no edificio coñecido como “Casa do Óptico” desde a súa creación fai agora dez anos cunhas instalacións que co paso do tempo e o crecemento continuo do alumnado se quedaron pequenas e a todas luces insuficientes para conseguir un ensino de calidade.

Por outra banda e para dar cumprimento á recente lexislación vixente dos requisitos mínimos das Escolas Oficiais de Idiomas, en concreto o Decreto 191/2007, de 20 de setembro polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio e en particular no seu Capítulo VI artigo 21 ° referente a a instalacións e recursos, urxe a construción dun novo edificio para albergar a Escola Oficial de

Idiomas do noso Concello, ben como anexo (na propia finca) ou ben como edificio independente afastado do actual (antigas vivendas de profesores,....).

Solicitamos

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación dirixirse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (á Sra.Conselleira Dona Laura Sánchez Piñón e o Sr. Delegado Provincial de Lugo D.Luis Manuel Álvarez Martínez) para que dicten as ordes oportunas para que se inicien os trámites para a redacción do pertinente proxecto para a construción dun novo edificio para a Escola Oficial de Idiomas de Ribadeo, consignación presupostaria correspondente nos orzamentos da Xunta de Galicia e a execución posterior do mesmo a curto-medio prazo.”

Fai así mesmo unha mención o Sr. Rivas Álvarez a que a EOI dista de cumprir cos requisitos do Decreto a que se ten feito referencia, e menciona tamén un informe da directora en que se fai referencia as diversas deficiencias sinaladas e ao disposto na normativa vixente para este tipo de Centros, pedindo ao Pleno que efectúe a aprobación da Moción.

Intervén en primeiro lugar o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que subscribe na súa totalidade os criterios en que fundamenta UPRI a Moción, e que o edificio queda pequeno, e hai unha boa oportunidade, para esa solicitude, debido ao incremento da matrícula e a escaseza de dotacións que ofrece o edificio, e entende que xa se debe empezar a traballar para conseguir un novo edificio e vaise xerar o problema de dotar logo o edificio baleiro e ofrece o apoio do Grupo Socialista para unha nova escola de idiomas moderna e adaptada á normativa vixente para Ribadeo.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular efectúase unha intervención na que sinala que van apoiar a Moción, e que o primeiro é a satisfacción que teñen como Grupo Político que creou a Escola en condicións moito máis precarias nun edificio prestado, cunha administrativa dun Instituto compartida, con profesores compartidos co IES Porta da Auga, etc. pero non debeu ser tan mala idea a da creación, cando o resultado é que agora falta espacio, polo que están satisfeitos.

No que atinxe aos criterios aínda apoiando a Moción, ten que dicirlle a UPRI que con esos terían que solicitar previamente, se neso consiste, vista a situación, modificar os IES, que non contan con todos eses condicionantes para minusvalías, etc., nin con departamentos para cada asignatura, salas de reunión, etc., xa que por exemplo no Dionisio Gamallo do que forma parte desde fai máis de 30 anos o Concelleiro no uso da palabra, non conta con todas esas estruturas, condicionantes, etc. e se é urxente o que se pide para a Escola de Idiomas tamén máis para os centros escolares, públicos, os que tamén están obrigados por lei, e que van apoiar a Moción e están orgullosos de que sexa necesario, pero que se acorden dos Centros escolares de menos relumbrón, pero máis ordinarios, que están impartindo ensinanza e cultura desde fai un montón de anos e que adoecen tamén e precisan eses medios e dotacións e non se fixen só na Escola de idiomas, e tamén é importante que eses Centros adquiran esas condicións. Reitera o Sr. Rodríguez Andina que non coñece todos os Centros pero que o que coñece que é o Dionisio Gamallo non ten estes espazos a que se refire o Sr. Rivas Álvarez, lle falta todo eso e leva funcionando 50 anos neste Concello, e polo tanto tamén igual era importante que ese Centro tamén adquira esas condicións.

Por parte do Sr. Alcalde efectúase unha intervención na que sinala que o seu Grupo tampouco ve mal a Moción pero lle parece correcto manifestar que se está poñendo de evidencia as carencias de infraestruturas de Centros Públicos, e que o IES e o Centro integrado tamén están saturados, pero tamén hai centros municipais saturados como a Escola municipal de música, saturada totalmente e a Gardería, que é da Xunta, que tamén a pesar de trinta e pico prazas que se amplaron, dentro dun par de anos estará saturada, e se debería ir a un debate sobre estes temas, que podía quedar sobre a mesa, e crear unha Comisión paralela de investigación de cales son as prioridades, e se o criterio é unánime sobre o aspecto concreto,

que quede claro que hai unha serie de Centros públicos que necesitan actuacións e deben efectuarse melloras, pero que tampouco teñen ningún problema coa Moción.

O propoñente da Moción Sr. Rivas Álvarez agradece o apoio dos Grupos municipais e que tamén están de acordo nas deficiencias do resto de Centros, pero o Decreto que regula as condicións se refire so ás Escolas Oficiais de Idiomas e o que se refire a todos é o Decreto de accesibilidade que é do ano 2003, e que as condicións a que se referiu eran unicamente para as Escolas de Idiomas.

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda prestar aprobación a Moción do Grupo Municipal de UPRI sobre a construción dun novo edificio para a Escola de Idiomas, nos propios termos da mesma.

### **2008/05/05 MOCION DO PARTIDO POPULAR SOBRE O APARCADOIRO PARA RIBADEO.**

Por parte do Sr. López Penabad do Grupo Municipal do PP se procede á lectura da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“Moción sobre a necesidade dun aparcadoiro para Ribadeo.

Exposición de Motivos.

Ribadeo é un centro de servizos que precisa dun amplo aparcadoiro, paralelamente o seu centro comercial aberto tamén o require.

A continuada peonalización de numerosas rúas co fin de mellorar a calidade de vida dos residentes, á vez que favorecer as actividades lgadas á oferta de servizos mencionada, conleva unha considerable diminución das zonas de estacionamento.

Ribadeo, posee unha zona adicada a este fin, a consecución e realización debemoslla ao Partido Popular, nembargantes o resto da Vila atópase cun continuado descenso de aparcadoiro.

Pechouse ao público o aparcadoiro da antiga Estación de autobuses e o existente na rúa Rosalía de Castro é de carácter temporal con risco de peche inminente.

Atendendo a todo o anteriormente exposto, é polo que se solicita do Pleno da Corporación do Concello de Ribadeo, se adopten os seguintes

#### **ACORDOS**

1. Sexan retomados os traballos para a consecución dun aparcadoiro.
2. Se propon como posible zona de actuación con aproveitamento soterrado
  - a) no parque infantil e rúas entre parques
  - b) Praza de Abastos

Estas zonas serían reconstruídas e se cabe, melloradas coa consecución das obras.

3. Se redacten as bases dun concurso para a realización do proxecto e execución de obras a cambio da concesión e explotación por un determinado período de tempo, co fin de evitar custos.”

Por parte do Sr. Rivas Álvarez do Grupo Municipal de UPRI se manifesta que lle parece unha boa idea a do aparcadoiro soterrado, que todos a levaban no programa electoral, porque Ribadeo vai cara a ser unha vila e indiscutiblemente vai necesitar unhas actuacións dese tipo.



Toda vez que se pregunta por parte do Sr. Rivas Álvarez ao propoñente da Moción sobre a ubicación na rúa interparques e se lle pregunta se sería ata o Parador ou ata o parque, este sinala que sería pola lonxitude que ocupa o Parque, e que non é técnico na materia, deliberándose entre os dous Concelleiros sobre o particular. O Sr. Rivas Álvarez sinala que a ubicación lle parece ben e que van a votar a favor.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que lles encanta que se retome o que foi unha das preocupacións do goberno anterior, xa que foron conscientes da eliminación progresiva de prazas de aparcamento debido a peonalización de diversas rúas e a que houbo xestións feitas que se poden retomar e fai mención a un estudio gratuito de CINTRA que ubicaba na Praza de Abastos e que desbotaba a viabilidade pola escasez de espazo entre as rúas e a perigosidade para os edificios colindantes, e que non era rentable tampouco.

Tamén se fai referencia ás xestións últimas, avanzadas e culminadas nese xantar de febreiro de 2007, cunha empresa asturiana que si ubica o aparcadoiro soterrado, utilizando a superficie comprada da empresa Ribadeo para realizar alí un en superficie, saír por esa mesma rúa e a Ronda da Cárcel, e desde o inicio da rúa entre parques avanzar desde a altura do hospital e pola outra parte chegar ata a altura de Casa Maseda e sinala que hai un pre-estudio da cuestión, que o importante son as diferentes Sentenzas que hai de poñer a disposición o subsoló para poder explotalo, e redactar o proxecto de obra, execución e explotación, e que poderían crearse máis ou menos 500 prazas de aparcamento, e en principio cabería que o acordo que, polo tanto, se redacte o Prego de condicións técnicas que han de rexir esa explotación e que os propios técnicos municipais decidan cal é a ubicación correcta aínda que os estudos feitos por esta Empresa e que supón que haberá moitas máis interesadas en levar adiante esa explotación se custo algún para o Concello hai tamén que se poden xuntar, Sentenzas porque no Concello de Oviedo o Rexistro da Propiedade opoñíase a rexistrar o que é o subsoló e hai Sentenzas do Tribunal Supremo para desafectar esa zona e poder poñela a disposición da empresa para que se ubiquen os aparcamentos e quere manifestar a súa enorme satisfacción pola Moción, que se traballou moito por ese tema e que o resultado pode saír a partir de hoxe e significar que o Grupo Socialista apoia a proposta e pon a documentación a disposición do Alcalde e do Goberno para que se redacte o prego de condicións por parte dos servizos xurídicos do Concello, e que se leve adiante esa obra que redundaría en beneficio de Ribadeo e dos visitantes.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde que manifesta que o seu Grupo non ten ningún inconvinte e ten que dicir que no anterior mandato o comezo houbo unha xuntanza cunha empresa especializada que estudiara as posibilidades pero desbotouse porque non había posibilidades, e agora a proposta leva un paso máis adiante e que propón que se elabore un Prego de condicións, e que se someta a unha Comisión Informativa, ao Pleno e que se pode licitar e saír de dúbidas para saber se é rentable para algunha empresa ou non. Que polo que atinxe á última parte do mandato anterior e produto dese xantar, non lle constan documentos, que non sabe quenes eran nin o que pretendían e que lle parece un pouco ariscado aventurar o número de prazas e entende que aínda que no Plan Xeral haxa que facer o grafiado ou precisión do solo ou do subsoló para que vaia contemplada a utilización privativa dun ben público non cree que sexa un problema por canto non sabe a que sentenzas se refire o Sr. Pérez Vacas pero un montón de Concellos teñen concesionado o subsolo, e pensa que non será problema e que o problema será se hai unha empresa que estea disposta a levar a concesión por un número de anos, e que lle saque rendibilidade e que a pesar do debate da rúa de que an falta prazas de aparcadoiro e iso é certo e non vai entrar nun debate pero é durante dous meses ao ano en que Ribadeo está saturado pero os dez meses seguintes non sabe se será moi rendible para ningunha empresa, pero precisamente a Moción vai máis alá do estudio, vai para licítalo e xa se verá o que pasa e desde o goberno se poñerán a traballar neso e en breve se convocará unha Comisión informativa e estudiarán todos xuntos os avances.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal Popular sobre o aparcadoiro para Ribadeo nos propios termos da mesma.

## **2008/06/06 ROGOS E PREGUNTAS.**

### **Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior.-**

Por parte do Sr. Alcalde procédese á contestación das preguntas pendentes da sesión anterior seguintes:

Respecto a pregunta formulada na sesión ordinaria anterior polo Sr. Rivas Álvarez sobre o número de expedientes de infracción urbanística abertos neste mandato, por parte do Sr. Alcalde se contesta que se incoaron a 5 edificios e se fixo a paralización dunha obra na rúa Ramón Gonzalez por executar máis obra da que tiña autorización.

Toda vez que o Sr. Rivas Álvarez volta a preguntar se son os edificios “famosos”, o Sr. Alcalde resposta que si.

En relación a preguntas do Sr. Pérez Vacas formuladas na sesión anterior o Sr. Alcalde contesta respecto á primeira sobre gastos en medios de comunicación orais e escritos responde que ten información a ese respecto pero vai a aportar a documentación desde a data en que é Alcalde, posto que desde xaneiro de 2006 ata ese momento era o Alcalde o Sr. Pérez Vacas e debía ter esa información xa que asinaba os Decretos, e que pode falar a partir do mes de xullo de 2007 que é cando é Alcalde e que os gastos son de subscricións ao Diario El Pais, La Voz de Galicia, facturas varias desde 2004 e subscricións da Biblioteca, varios, monográficos, etc. foi de 6.747, 35 euros e que co Diario El Progreso, por subscricións, anuncios, publicidade, etc., por un importe de 3.601,75 euros.

En relación á pregunta formulada sobre un asesor externo da Alcaldía na Mesa de Negociación do Convenio do persoal, por parte do Sr. Alcalde se contesta que non houbo ningún tipo de contrato porque non hai ningunha relación contractual, simplemente é un asesor da Alcaldía competente na materia, e que o estimou oportuno e así estivo.

Respecto á pregunta formulada sobre a renovación dos convenios dos aparcadoiros provisionais o Sr. Alcalde contesta que, efectivamente considera que a prórroga se se pode dicir, é tácita do mesmo xeito que a situación do vertedoiro de escombros durante 4 anos, e que é tácito, vai deixalo así, e como tamén tácito foi o convenio asinado do aparcamento da Estación de autobuses a que se fixo referencia e que un ano despois estaba sen executar e tamén era tácito, e nin agora nin antes era responsabilidade do Concello.

Toda vez que o Sr. Alcalde di que non lle quedan mais preguntas que contestar, a Sra. Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular manifesta que hai preguntas formuladas polo PP por escrito o 25 de novembro de 2007, e o Sr. Alcalde pide desculpas xa que se esqueceu e trouxo a contestación para as que foron formuladas na sesión e toma nota das mesmas para o seguinte Pleno.

O Sr. Alcalde pregunta a Secretaría sobre se nun Pleno extraordinario se poden respostar e por Secretaría se contesta afirmativamente, sinalándose polo Sr. Alcalde que se contestarán no seguinte Pleno sexa extraordinario ou ordinario.

O Sr. Rivas Álvarez pregunta sobre a actuación para a execución de sentenzas firmes contestando o Sr. Alcalde que si, que enviou á Comunidade de veciños do edificio afectado por unha Sentenza de demolición a reiteración do requirimento para que permitisen que un arquitecto xa contratado durante o anterior mandato municipal para que permitisen o seu acceso para redactar o proxecto de demolición, en cumprimento da sentenza.

En relación a unha pregunta formulada sobre contedores de vidro o Sr. Concelleiro delegado de Medio Ambiente resposta que hai 25 no medio urbano e 18 no medio rural.

### **Rogos e preguntas novos.-**

O Sr. Rivas Álvarez manifesta o seu agradecemento pola reposición de papeleiras efectuada na vía Troncal, en Rosalía de Castro, segundo o rogo aceptado do mes de setembro xa que se están repoñendo.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez se pide que se efectúe a aplicación da Ordenanza de Medio Ambiente sobre publicidade, do seu título VI e artigo 67 n o que atinxe aos vehículos e a distribución das octavillas e que se aplique por parte da Policía Local e que se tomen medidas, que se cumpran nos farois e no mobiliario urbano e que non se debe deixar que se atopen constantemente pegando por aí, e incluso nas novas rotondas de autovía que colocan carteis unha empresa de fora e cada semana aparecen máis e crea unha mala imaxe da vila.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que rogo aceptado.

Fai así mesmo o Sr. Rivas Álvarez o rogo de que os enlaces entre as rúas, que é un asunto que lle fixeron chegar varias persoas, rúas que se reparan, e cita a rúa Amando Pérez, Viejo Pancho, que se fagan debidamente xa que fan un badén e a ver se poden arranxar sen desniveis e que parece que hai un socavón, e quen remate a obra que a remate ben cun nivel continuo, que non haxa desnivel, e non sabe se corresponde facelo á brigada de obras ou a quen execute a obra.

De seguido o Sr. Rivas Álvarez manifesta que cree que estes días estiveron facendo algún rebacheo pola zona de Ove e demais, e pide que se rebacheen os camiños da zona rural, e que hai camiños en parroquias como a da Devesa, Ove e a estrada das Aceas, que os que pasan por aí todos os días coñecen o estado, e seguro que hai moitos máis que o necesiten, e xa que se se está facendo que se procure facer o máis rápido posible antes de que choza moito.

Por parte do Sr. Alcalde contestase que a idea non é facer nunha parroquia en concreto senón rebachear as cousas que van xurdindo cada pouco, e que neste asunto o Concello é como un gran barco que se comeza por un lado e se remata por outro; que empezouse polo cemiterio, por parte de Ove e vaise ir a Vilausende, Rinlo, A Devesa, Vilaframil, a Noceda, etc., unha serie de sitios, e tamén ao tramo da Estrada municipal a que se referiu a que vai por Ove, ás Aceas ata a conexión coa estrada da Deputación que vai a Santa Cruz e que é un tramo que ten consignado e que agarda que as información que lle deran non fallen e que por parte da Consellería de Medio Rural se bote aglomerado asfáltico neste mes de xaneiro, porque dixeron para o ano 2007 e non puido ser e a segunda fase da Estrada do Monte foi fai escasas semanas e agora tamén esa inversión que non recorda a cantidade, pero cree que son 80 ou 90 mil euros vaise facer dotando de aglomerado asfáltico a 3 quilómetros ou unha lonxitude semellante co que se vai mellorar o que é unha comunicación moi importante de moita xente que vai para a parte sur do Concello ou para Asturias e que colle esa vía de Ove.

Formúlase así mesmo o rogo de que se coloquen ou repoñan os sifóns dos sumidoiros da Avda. de Galicia e Avda. de Asturias, que teñen un olor tremendo e facendo referencia a que se pasen á AQUAGEST para o amaño correspondente, e sinalando que hai casos que nunca tiveron sifón e só se puxeron os sumidoiros, e menciona explicitamente que na rúa Suso Peña están tapados con bolsas de plásticos e dan moito olor, e se pode ser que xa fai tres anos que presentara un escrito para o Concello e seguen sen amañarse por AQUAGEST ou quen corresponda.

O Sr. Alcalde di que neste caso lle parece ben correcto o rogo, e de feito xa falou con AQUAGEST, hai poucas datas que na rúa Villafranca del Bierzo que había queixas de aí moito tempo, fóronse poñendo sifóns, a verdade e que cheiraba moito e que supón que quedarán algúns mais, e da Avda. de Galiza non tiña coñecemento e que pasará instrucións inmediatamente, e respecto á Rúa Suso Peña si, o que pasa e que cre que aí, no seu momento, o promotor que executou todos eses viarios debían quedar perfectamente operativos aínda que agora teña que ir a brigada municipal de obras a arranxalos, e en todo

caso estudaría se lle corresponde á brigada de obras ou non amañar unhas deficiencias que non quedaron ben executadas en orixe e que foi aceptada a urbanización, cree que daquela co voto en contra do BNG.

Formula así mesmo o Sr. Rivas Álvarez un rogo sobre as luces na zona de O Cargadoiro, que se repoñan ou poñan en funcionamento, manifestando que desde a casa do Sr. Rodríguez en adiante non hai luz, e están averiadas, que puido comprobalo contestando o Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa que xa ten avisado aos electricistas.

Así mesmo formula unha pregunta o Sr. Rivas Álvarez por enésima vez respecto ás obras na rúa San Lázaro e Deputación, e sabe que están traballando, pero non se ven os resultados, e por parte do Sr. Alcalde se contesta que ten razón, que están traballando e non se ven os resultados, pero que sendo franco quizás deixou moito que desexar a empresa; fai referencia a que ten que agradecer que a Consellería de Industria financiou a obra a través da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo, unha obra moi importante que había moitos anos que estaba esquecida, pero existiron problemas de execución e de tardanza e que cando se parou o tramo da rúa San Lázaro está pendente de facerse o resto, rúa Deputación e precisamente o arquitecto hoxe estaba coa redacción dun modificado para resolver definitivamente dunha vez por todas as deficiencias na execución da obra e completar con garantías, e se pode ser con outra empresa, pero que quen contrata é a SA do Xacobeo, e insiste en que o lamenta que a inversión foi grande pero a empresa non fixo gala da inversión e quedou deslucida pola execución, e o que se trata é de que se faga con máis rapidez e calidade final o que queda que é outro tanto.

O Sr. Rivas Álvarez a continuación pregunta sobre a recollida selectiva de vidro e pregunta se se segue facendo como antes ou con medios propios, e o Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez contéstalle que segue como estaba.

Pregunta tamén o Sr. Rivas Álvarez sobre o destino dos escombros da demolición das naves do porto, contestándose pola Alcaldía que o descoñece, que é zona portuaria e que depende da Comunidade Autónoma, de Portos de Galicia e en todo caso se o vertido é en Ribadeo ten que facerse no vertedoiro autorizado.

O Sr. Castro Reigosa sinala que xa ten advertido á Policía Local e non ten informe algún polo momento.

Formula así mesmo unha serie de preguntas o Concelleiro de UPRI Sr. Reymóndez Gancedo comezando por unha proposta de que na zona rural, nos núcleos rurais, se coloquen bocas de rego da rede municipal de augas para incendios ou outros usos e propón que se poidan ir mirando para a súa instalación paulatinamente.

O Sr. Alcalde contesta que aceptase o rogo, que teñen feito no anterior mandato sendo Concelleiro de obras miraron esa posibilidade en varios sitios e pode ser posible pero moitas veces se atopa limitada pola presión de auga e fai referencia a que o pediron en Rinlo e noutros lugares, en A Devesa, etc. e en Folgosa se aproveitou un depósito ocioso, pero depende da presión en cada zona e fala por boca de AQUAGEST.

Formúlase así mesmo polo mesmo Concelleiro o rogo de que desde o Concello se entregue á Policía Local, non sabe se mensualmente ou semanalmente un parte onde se recollese cales son as farmacias de garda porque ás veces ven un usuario ou cidadán a preguntar á Policía Local cal é a farmacia de garda e non o saben e non sería tan complicado. O Sr. Alcalde contesta que entende que non é unha cuestión do Concello senón de que as farmacias lle pasen a nota ao Concello coas súas gardas periódicas, e que acepta o rogo, e pedirase ás farmacias que pasen periodicamente o listado á Policía Local, que se trata deso máis de que o Concello vaia buscar esa información e pon o exemplo de que o Concello vaia a mirar as películas no cine para informar, que acepta o rogo e lle dirá ás farmacias que envíen periodicamente o cadro de gardas. O Sr. Reymóndez Gancedo di que como queira pero que a súa intención é que a Policía Local informe ao cidadán.

Pasa a referirse a continuación o Sr. Concelleiro no uso da palabra a que quere formular outro rogo e é que en Vilaframil, detrás do restaurante “El Huerto” existe desde abril de 2007, un punto para luz pública e non hai farois nin cable e pregunta se se pode poñer a funcionar.

O Sr. Alcalde contesta que hai varios casos, que a última referencia foi de fai uns meses e que non mandou paralizar nada, e neste se precisaría un tramo longo de cable de varios centros de metros e acepta o rogo e preguntará a ver cando se pode poñer.

Formulase así mesmo un rogo respecto a que en Ove, a fonte do Cobo fai tres meses que non funciona, manifestando o Concelleiro no uso da palabra que se puxo en contacto con AQUAGEST para preguntarlles se había avaría, e lle din que é unha avaría interna, non externa, e que parece ser que había que romper a pedra e que os servizos municipais xa o sabían e roga que se amañe.

O Sr. Alcalde acepta o rogo e di que non lle dixeran nada, que preguntará e que se amañe.

Pasa a continuación a referirse ao deterioro da estrada de Vilaselán Piñeira, pola costa.

Polo Sr. Alcalde se contesta que xa se fixo un seguimento e que estivo ao pé de obra co técnico municipal e que se enviou o informe a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Rural, e que se dirixiron a COPASA antes de que levanten o voo e antes de que ocorra xa se lle enviou un documento sobre o estado dos camiños.

A continuación o Sr. Reymóndez Gancedo refírese as cartas menús de hostelería significando que a idea lle gusta pero que os empresarios teñen un problema cando queren cambiar os prezos xa que teñen o programa nun CD pero está en PDF e non os poden corrixir e pide que se cambie a outro formato como Word.

O Sr. Alcalde acepta o rogo e mirará se se pode pasar de Pdf a Word.

O Sr. Concelleiro no uso da palabra interesase a continuación pola instalación de bancos no paseo de A Pega ao Cemiterio. O Sr. Alcalde acepta o rogo.

Refírese tamén a que o Alcalde faga unha xestión con Fomento xa que na saída de Rinlo hai un sinal á dereita que indica A-8 e non hai Autovía todavía e crea confusión, proponendo que se cambie.

Pregunta tamén o Sr. Reymóndez Gancedo sobre o criterio de prioridade nos pagos a provedores, contestando o Sr. Castro Reigosa que o criterio actual é o de facturas aprobadas máis antigas, agás casos excepcionais como son os de convenio directo de facturación mes a mes e pon o exemplo das Escolas deportivas municipais que non teñen o mesmo réxime de pago que outros provedores porque hai que facer viables as propias Escolas e que no resto os pagos se fan unha vez aprobadas as facturas por orde de antiguidade.

O Sr. Reymóndez Gancedo replica que hai algunhas que cobran case ao contado, a quince días. Se delibera entre o Sr. Alcalde e o Sr. Reymóndez Gancedo manifestando este último que o que pregunta non ofende.

O Sr. Concelleiro que está no uso da palabra formula o rogo a Alcaldía de que respecto ás empresas pequenas ou autónomos que a veces teñen que agardar un ano ou moito máis que as cantidades menores se foran rematando pouco a pouco.

O Sr. Castro Reigosa intervén manifestando que había facturas de anos pero que o Concello recibiu partidas importantes a fin de ano e este é un dos motivos e o que se fixo foi ir pagando polo atrasado.

Intervén o Sr. Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular que di que vai falar de luces e sombras. O Sr. Concelleiro no uso da palabra en primeiro lugar se refire ás farolas de O Xardin e quere que se explique se se van a colocar antes de que se faga o Parque de Indíanos e cando se vai facer o parque de Indíanos e se non porque non se colocan as farolas no Xardin de Sela.

O Sr. Alcalde di que falou recentemente co Delegado da Consellería de Medio Ambiente preguntando que pasaba e lle dixeron que están cun modificado do proxecto cunha nova ubicación da fonte e que non querían cortar certas árbores, xa que non querían cortar sistemáticamente como estaba previsto no proxecto, e que lle manifestou que nun moi breve período de tempo empezarán as obras do Parque de Indíanos, polo que o Sr. Alcalde pide certa prudencia, e que lle deixen o que queda de mes e parte de febreiro para solucionar a cuestión.

Asi mesmo o Sr. Duarte Díaz se refire ao problema da ausencia de luz pública na zona urbana donde se atopa o supermercado Alimerka e que recorden que alí se afundiou a rúa e se refire á reposición dunha farola que caeu cando se derrubou a rúa e que non foi repostada, e que tamen falta unha farola máis alá e pide que se pase a informe dos técnicos competentes.

O Sr. Alcalde di que os veciños lle manifestaron o mesmo e que deu instrucións ao Arquitecto municipal para que faga as averiguacións ou o que sexa, para que volte a instalarse unha farola, que debe ser repostada pola empresa constructora, e que está traballando neso.

Formula así mesmo o Sr. Duarte Díaz o rogo, por estética, de que as cadeiras e mesas das terrazas nas Catro calles, que se usan no verano, que non se recollen na Cafetería “O Choyo” se retiren da vía pública xa que fan un efecto desastroso.

A continuación o Sr. Duarte Díaz pasa a referirse a queixas de veciños da rúa Virxe do Camiño debido a que os cortes que se realizaron para canalizar, na rúa, cedeu o asfaltado e as tapas do rexistro cando pasan os coches fan un ruído que define como “pan pan...” e pide algunha solución e que se poña algo cerca das tapas de sumidoiros que o evite.

Intervén o Sr. Alcalde contestando que respecto á formulación do rogo supón que terá que cumprilo e que lle doe, moito, porque ao final volve ao principio. O Sr. Alcalde contesta que a execución da obra houbo palabras e palabras e que se fixo en contra do criterio do BNG para recepcionala, que quería que se puxera o pano enteiro como era o criterio técnico, pero non prosperou por motivos diferentes e lle sorprende que agora se faga esta petición, e que se lle pon a tiro para saltar, e reitera que ese pano tiña que estar repostado na súa totalidade e que lle parece inxusto que o amañe a brigada de obras.

O Sr. Duarte Díaz di que o único que pretende é solucionar o tema dos veciños e que non quere máis problemas persoais con ninguén, e o Sr. Alcalde di que non vai quedar ben se o fai a brigada de obras e vai quedar unha zarapallada, xa que é un remendo.

Tamén o Sr. Duarte Díaz pregunta por dous dos bancos da rúa Reinante aos que lles falta a madeira, e se lle contesta pola Alcaldía que están para barnizar.

O Sr. Duarte Díaz tamén se refire á colocación de bancos en A Pega do mesmo xeito que o Sr. Reymóndez Gancedo que xa falou antes, e que está de acordo en que se habiliten bancos nas zonas por donde pasea a xente, pero xa antes pediu, o verano pasado, que se instalasen no Cargadoiro e aínda non se fixo; por parte do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa di que xa contestou ao rogo anteriormente, e que se recibiron os bancos pero que está pendente dos “asesores” que coñece o Sr. Duarte respecto a donde se instalan.

O Sr. Duarte Díaz tamén se refire ás queixas dos veciños de Os Galos de que a estrada está feita un desastre, chea de baches e que por reiteradas veces el tamén fixo comentarios e que é unha pequenez o que hai que facer, chegar á esquina do Teatro a rúa que vai a Calvo Sotelo e que lle van a dicir que él vive ahí pero tamén vive infinidade de xente e ten que sinalar que ven sendo tamén unha rúa comercial, e ten que rebachearse. O Sr. Alcalde di que ten que facerse un amaño integral.

O Sr. Alcalde contesta ao rogo que non hai ningún problema para tapar eses baches.

O Sr. Duarte di que lle parece ben que se tomen medidas de ordenación nesa rúa, e reitera que se están abrindo negocios comerciais nesa rúa.

A continuación intervén o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que di que quere formular un solo rogo, e que lles vai chamar a atención que o traigan aquí como rogo, e que xa se referiu ao asunto nos medios de comunicación e que podía vir unha Moción por parte do seu Grupo Municipal e que creía que non ía despertar ningún tipo de recelo e que pensan que plantexalo a través dun rogo vai ter a mesma unanimidade dos grupos políticos.

O Sr. Rodríguez Andina prosegue manifestando que o seu rogo consiste en que por parte do goberno municipal, tendo en conta que desde fai 7 ou 8 anos que se rehabilitou parcialmente a Torre dos Moreno co Goberno do Partido Popular cunha restauración ata donde se poido de todos os pilares e os tellados, e que nada máis se fixo, e desde aquela pasaron 5 anos e non se fixo nada máis físicamente, quere dicir, non di que non se intentara ou tratara de facer máis e se procurara, pero a realidade das cousas é que nadie máis fixo nada na Torre e formula o rogo de que o goberno municipal - e non cree que sexa un rogo exclusivo do Grupo Popular- se poña máns á obra.

Manifesta tamén o Sr. Rodríguez Andina que se trata dun edificio emblemático deste Concello e que deberá dunha vez por todas atopar unha solución e polo menos se ata agora foron 400.000 euros, a ver se se buscan outros 400.000 euros e de 400.000 en 400.000 en tres ou catro tandadas se vai amañando algo, e que o que non é de recibo é que leven 5 ou 6 anos e nada, e vai resultar que cando se queiran acordar non sexa que caiga.

O Sr. Rivas Álvarez di que se manifesta de acordo e que él xa fixo unha pregunta sobre a cuestión.

O Sr. Rodríguez Andina á vista de que todos os Grupos se manifestan de acordo di que o único que pretende é que se poñan máns á obra.

O Sr. Alcalde manifesta que tamén está de acordo e que hai un convenio que debe seguir vivo, asinado hai anos, no mandato do Partido Popular e que por parte do Alcalde non hai ningún problema, e de feito lle consta que todos os Alcaldes e o anterior tamén intentaron dunha maneira ou doutra desbloquear o tema, pero é un tema complicado de multipropiedade e asumen o compromiso da unanimidade da Corporación, xa que todos os Alcaldes o intentaron, para intentar por lo menos que non caía para baixo, e que intentarán recuperar todo o que se poida para o uso público.

Sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión extendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,